



No ano 2011 iniciamos o traballo de incorporar a modalidade de TRAIL-O no calendario da FEGADO. Pretendíamos abrir una porta ás persoas con algún tipo de discapacidade motora e conseguir a súa participación dunha forma inclusiva, competindo con persoas sen discapacidade en igualdade de condicións.

Para conseguilo levamos a cabo varias actuacións:

- Fixemos a tradución da normativa IOF sobre este deporte.
- Impartimos un curso de formación dirixido a posibles participantes.
- Contactamos con varias entidades que traballan con persoas con discapacidade motora.
- Organizamos os seguintes eventos de TRAIL-O:

Ano	Lugar	Mapa	participantes	Club organizador
2011	A Coruña	Parque de Acea Da Ma	87	APA Liceo
2015	A Coruña	Barrañán		APA Liceo
2016	Pontevedra	Campeonato de España en Lago Castiñeiras	76	APA Liceo
2017	Arteixo	Parque de A Baiuca	64	APA Liceo
2017	Lugo	Orbazai	41	APA Liceo
2017	Pontevedra	Nigrán	40	APA Liceo
2017	Ourense	Xinzo de Limia	47	APA Liceo
2018	Ourense	Parada de Sil	28	APA Liceo
2018	A Coruña	Campionato Galego no Parque de Bens	51	APA Liceo
2019	A Coruña	Campionato galego en Goente	56	APA Liceo
2019	Ourense	A Saínza	45	Limiaactiva

A participación de persoas con algún tipo de discapacidade motora non foi moi significativa e por outra banda a participación de clubs a hora de organizar probas foi escasa. En consecuencia este proxecto centrase en seguir avanzando sobre estes dous puntos.

OBXECTIVOS

1. Dar a coñecer a modalidade de TRAIL-O a persoas con algún tipo de discapacidade motora.
2. Formar a persoas con algún tipo de discapacidade motora para que se desenvolvan con éxito ante unha proba de TRAIL-O.
3. Incrementar o número de participantes nas probas de TRAIL-O.
4. Ofrecer a formación necesaria para poder organizar una proba.
5. Participar en probas de nivel nacional.

TEMPORALIZACIÓN

XANEIRO

Poñerse en contacto cos responsables das distintas entidades que traballan con persoas con algún tipo de discapacidade motora.

Solicitar a colaboración de ditas entidades para levar a cabo xornadas para dar a coñecer dita modalidade.

MARZO

Realización dun curso de formación aberto a persoas con ou sen discapacidade motora.

ABRIL

Curso de formación para organizar un evento de TRAIL-O. Os asistentes terían unha parte práctica que consistiría en organizar unha proba no mes de maio. A duración do mesmo sería de 10:00h a 14:00h e pola tarde de 16:00h a 18:00h.

O curso realizaríase no local cedido gratuitamente polo Centro de día FRAMA II en A Coruña.

MAIO

Levar a cabo un evento de TRAIL-O na que participen persoas con e sen algún tipo de discapacidade motora. Unha posible data sería o domingo 31 de maio. A localización sería no parque situado no paseo de Fernando II ao longo do Rego de Trabe no concello de Culleredo, en A Coruña.

Dita proba estaría organizada polos asistentes ao curso de formación realizado no mes de abril.

SETEMBRO

Participación no Campionato de España de Trail-O organizado polo club COHU de Huelva.

OUTUBRO

Organización do Campionato Galego de Trail-O. O Club organizador será Limiactiva, na Comarca de A Limia (provincia de Ourense). Terá lugar o 17 de outubro.

ORZAMENTOS

- Actividades de promoción:
 - Desprazamentos..... 50 euros
 - Material funxible para as xornadas de formación...20 euros
 - Para o evento de promoción:
 - Trofeos de participación.....70 euros
 - Dorsais.....20 euros
 - Mapas.....100 euros
 - Avituallamento..... 20 euros
- Para o Campionato Galego de Trail-O.....220 euros
- Desprazamentos Campionato de España de Trail-O.....90 euros
- Inscripcións no Campionato de España de Trail-O.....18 euros
- Total..... 608 euros